



## Empresa e Deseño de Modelos de Negocio (4 horas)

### ¿EN QUE CONSISTE ESTA MATERIA?

O mundo da empresa está presente de forma cotiá nos medios de comunicación, formando parte da vida de millóns de persoas e repercutindo en todos os fogares. O coñecemento sobre a empresa constitúe un paso esencial para comprender o funcionamento global da economía, pola interrelación que existe entre a empresa e o contexto no que leva a cabo a súa actividade.

A materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio ten como finalidade que o alumnado comprenda e analice como responden as empresas aos desafíos que se lles presentan, empregando un enfoque actualizado e, sobre todo, adaptado á realidade, onde o factor clave da súa actividade reside na innovación, ao ser esta en moitos casos o elemento determinante da súa supervivencia.

### ¿CONTIDOS QUE SE VAI ESTUDAR?

A materia estrutúranse en catro bloques:

Bloque 1. A empresa e a súa contorna

Bloque 3. Ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión

Bloque 2. O modelo de negocio e de xestión

Bloque 4. Estratexia empresarial e métodos de análise da realidade empresarial: estudo de casos e simulación

O primeiro dos bloques céntrase en coñecer a orixe dun proxecto empresarial: a persoa que arrisca e leva a cabo a actividade, nun contexto de responsabilidade social, igualdade

e inclusión, sendo consciente das tendencias cambiantes do mercado e da importancia da innovación como factor clave de supervivencia. O segundo bloque oríentase cara á análise das diferentes áreas funcionais da empresa, que constitúen os eixes fundamentais de calquera modelo de negocio, desde os máis tradicionais ata os máis innovadores. O terceiro inclúe, por unha banda, o estudo de padróns de modelos de negocio e diríxese a ofrecerlle ao alumnado exemplos vixentes que poden servir como fonte inspiradora para outras propostas que xeren valor e se adapten a novos contextos; e pola outra, presenta aqueles recursos e ferramentas que ofrecen maiores posibilidades creativas e de innovación, e que poden ser aplicados nas diferentes fases do proceso. Por último, o cuarto bloque vincúlase cos contidos que permiten aplicar ferramentas de análise empresarial para determinar a viabilidade de empresa adaptado a un contexto determinado.

¿PARA QUE SERVEN OS ESTUDOS DE ECONOMÍA NO BACHARELATO?

RESULTAN ESPECIALMENTE INDICADAS PARA...

- O alumnado que desexe cursar **estudios universitarios** das Ciencias Sociais e Xurídicas. Son moitas as titulacións relacionadas coa materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio que pondera con **0,2** e con **0,1** en varios graos.
- Para o alumnado que desexe acceder a **Ciclos Formativos** da **Familia de Administración e Xestión**, da **Familia de Comercio e Marketing** ou da **Familia de Hostalería e Turismo**.
- Tamén para o alumnado que vaia cursar **calquera ciclo** de formación profesional, como preparación aos módulos de “Formación e Orientación Laboral” e “Empresa e iniciativa emprendedora” presentes **en todos** eles.
- Para os que formulen o seu futuro no mundo laboral tratando de levar adiante os seus propios **proxectos empresariais** ou dando continuidade a pequenas empresas familiares.
- Para os que busquen un posto de traballo de **dirección** ou de tipo **administrativo** ou relacionado con **actividades comerciais, hostaleiras** ou **turísticas**.
- Para ter unha visión da **realidade empresarial** na que, máis tarde ou máis pronto, van desenvolver a súa actividade laboral, sexa cal sexa o seu labor dentro daquela. Estas materias dan resposta a varios interrogantes como que é una empresa e como funciona, que clases de empresas existen, que beneficios e custes supón a actividade empresarial para a sociedade, como é a organización interna dunha empresa, que influencia teñen as tecnoloxías da información e comunicación na xestión,...
- Para **comprender mellor o mundo en que vivimos** e para aprender a tomar **mellores decisións económicas e financeiras**: previr o endebedamento excesivo, mellorar as

decisións de aforro, coñecer dereitos e deberes como traballadores, formarse como consumidores responsables,...

### ESTUDOS UNIVERSITARIOS RELACIONADOS

Hai moitos titulacións universitarias relacionadas co mundo das Ciencias Sociais e Xurídicas, como Economía, Administración e Dirección de Empresas, Comercio, Comercialización e Loxística, Ciencia Política e da Administración, Publicidade e Relacións Públicas, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Dirección e Xestión Pública,...

Ademais, resulta conveniente para os que opten por títulos de humanidades como Dereito. Tamén poden ser de grande utilidade para titulacións relacionadas con Ciencias da Información (Xornalismo, Comunicación Audiovisual, etc.) ou con Turismo.

